

# Noventa e nove adegas na D.O. Ribeira Sacra

O Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra decidiu, ao solpor do dia 12 de setembro, fixar como data recomendada para iniciar a vendima o mércores 21 de setembro. Na presente campaña as adegas que elaboran viño amparado baixo a denominación Ribeira Sacra serán 99, o que supón cinco adegas de nova inscrición con respecto á campaña do 2004. O número de hectáreas de viñedo que están inscritas no Consello Regulador son 1.220 dun total de 2.500 hectáreas. O número de agricultores que pertencen ao Consello son 2.845 con data de xullo do 2005. Dende o primeiro de xaneiro ata decembro de 2004 o viño embotellado da campaña 2003 foi de 1.800.000 litros dun total de 2.210.518 litros. Dende xaneiro de 2005 ata o dia 9 de setembro pasado o viño embotellado da campaña 2004 foi de 1.987.000 litros dun total de 3.055.276 litros, amparados tamén polo Consello Regulador de Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Os aromáticos viños da Ribeira Sacra son o troito conxugado pola súa ubicación nas escarpadas e soleadas ribeiras do Miño e do Sil e os seus afluentes cunha selección, polo miúdo, das mellores uvas-a señorial Mencia e as delicadas Albariño, Godello e Treixadura- realizada con mimo e esmero por mans expertas. Son viños elaborados cunha tradición de máis de dous mil anos. Toda a produción da Denominación de orixe está sometida aos controles estrictos do Consello Regulador. Estes exames son feitos para garantir a calidade e a orixe dos nosos viños, proporcionando ao consumidor a seguridade de degustar, en cada botella, o máis refinado gusto da sangue da terra.

O Consello Regulador define unha serie de normas e parámetros que cumplen todos os viños acollidos á Denominación. Estas normas aseguran unha constante calidade e a existencia dunhas peculiaridades características da Ribeira Sacra. O viño da Ribeira Sacra acompaña dignamente ás carnes, ao peixe, aos mariscos e ás múltiples variedades culinarias que se nos poidan ofertar nunha mesa.